

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de novembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS.

1. PERSOAL.- Acórdase a atribución de funcións por 12 meses ao abeiro do artigo 27 da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, como xefe da policía local a un funcionario do corpo.

Acórdase a adxudicación de prazas do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia (PR461D).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador para proceso selectivo para o acceso a 10 prazas de auxiliar administrativo quenda libre (OEP 2021, 2022 e 2023).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a primeira prórroga do contrato dende o 8 de xaneiro de 2026 ata o 7 de xaneiro de 2027 no expediente de contratación dun servizo de limpeza e pasar o ferro profesional das roupaxes e complementos de vestiario dos Reis Magos e dos seus paxes tras a celebración da cabalgata de Reis Magos, exp. ref. 2024/C003/000037.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas na contratación do servizo funerario para o enterramento de persoas sen recursos e do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado, exp. ref. 2025/C003/000047.

Tamén se acorda a prórroga dende o 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026 no expediente de contratación dun servizo de organización da actividade de sendeirismo para a programación de xuventude, exp. ref. 2025/C003/000001.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6586698623263159473.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-11-2025

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación do concerto dun artista o día 19 de novembro de 2025 con motivo da conmemoración do 25 aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio Mundial da Unesco, exp. ref. 2025/C005/000015 e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2025/C005/000015.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación profesional e o Concello de Lugo para autorizar o uso temporal de terreos municipais para instalación provisional de comedor escolar da escola de educación infantil Fingoi núm. 2 de Lugo

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE.

4. LICENZAS.- Acórdase aprobar a solicitude de licenza urbanística para construír un edificio de vivendas na rúa Salvador Velayos-Sur K-parcela C-8 (Eccom) (exp. 2025/Y001/000229)

Fóra da orde do día

- Contratación das obras de adecuación da instalación da escola Infantil Serra de Outes. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, e do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. ref. 2025/C002/000026.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.